



Concello de Betanzos

Praza de Galicia s/n, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>

e-mail: correo@betanzos.net

DECRETO: CONVOCATORIA DA SESIÓN Ordinaria DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

José Ramón García Vázquez, alcalde do Concello de Betanzos, no uso das súas atribucións legalmente conferidas.

Vistos os distintos expedientes concluídos e as mocións presentadas para ser sometidos á consideración do Pleno da Corporación.

De conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Ao abeiro da atribución que lle concede á Alcaldía o artigo 21.1. da Lei 7/85, do 2 de abril, de bases de réxime local, e 61.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

RESOLVO:

PRIMEIRO. Convocar a todos/as os/as concelleiros/as que compoñen a Corporación Municipal á sesión plenaria Ordinaria que terá lugar no Salón de Plenos da Casa do Concello, o próximo martes 27 de marzo de 2018 ás 20:30 horas en primeira convocatoria, e unha hora despois en segunda convocatoria.

SEGUNDO. Establecer a seguinte ORDE DO DÍA para a devandita sesión:

1. *Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión plenaria de 18/12/2017.*
2. *Dar conta de decretos da Alcaldía e asuntos varios.*
3. *Moción de BZeC relativa a bebidas azucaradas.*
4. *Moción do BNG para actualización da información web da Oficina de Rehabilitación.*
5. *Moción do BNG contra a privatización do servizo de limpeza.*
6. *Solicitud de comparecencia, formulada por BN, para informar dos motivos da licitación do servizo de limpeza de centros públicos de ensino no concello de Betanzos.*
7. *Moción de BN sobre o proxecto de construción do paseo marítimo -fluvial aos Caneiros.*
8. *Moción de BN sobre a concesión do servizo público de aparcamento soterrado na rúa Rosalía de Castro.*
9. *Moción do BNG sobre recuperación dos dereitos e do emprego na Administración de Xustiza.*
10. *Moción do PP pola que se insta ao Concello á elaboración dun plan municipal de accesibilidade e ordenanza.*
11. *Rogos e preguntas*

TERCEIRO. Que esta convocatoria se lle notifique en tempo e forma a todos os membros da Corporación, se publique no taboleiro de edictos e no portal de transparencia do Concello, e se dea conta desta na seguinte sesión plenaria ordinaria.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

O alcalde

José Ramón García Vázquez

O Secretario (Asinado aos efectos do artigo 2 do Real decreto 1174/1987)

Rafael del Barrio Berbel